



Concello de Cerdido

As Felgas, s/n, A Barqueira
15569 Cerdido (A Coruña)
981 41 10 00
www.cerdido.org correo@cerdido.es



ACTA Nº 2022/1

SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN -MÉRCORES NOVE DE FEBREIRO DE 2022 -

No día de hoxe, ás 20:02 horas, baixo a presidencia do Alcalde, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do secretario, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE: Benigno Galego Castro

ASISTEN: Cándido Eusebio Preto Lago, Rocío Martínez Martínez, Marina Tojeiro Martínez, Cristian Carrodegas Graña, Maria-Amalia Díaz Rodríguez, Alberto Javier Rey Paz e Patricia Santalla, Cristian Carrodegas Graña, e David Prada Aneiros.

SECRETARIO - INTERVENTOR: Manuel Larrosa Rodríguez

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o Alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

1.- Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) POS+2022 da Deputación Provincial da Coruña.

Aberta a sesión, pola Alcaldía procédese a explicar a finalidades das actuacións previstas coas actuacións propostas no POS+2022 principal e complementario, é dicir, achega 2021 e complementario nos termos que figura na proposta ós efectos de satisfacer as necesidades de investimento municipais.

O Sr. Alberto J. Rey Paz concreta que efectivamente figuran para investimentos sobre cen mil euros e noventa e cinco mil para gasto corrente. E pregunta polo Plan Complementario.

Explica o Sr. Alcalde que o Plan Complementario seguindo as directrices da Deputación Provincial da Coruña, esixe alomenos destinar un cincuenta por cen do Plan para actuacións complementarias e logo en función da baixa cambiase ou non. É dicir, atendendo o disposto nas Bases publicadas no BOP 30/11/2021 do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2022 da Deputación Provincial da Coruña.

Seguidamente toma a palabra o Sr. Candido E. Preto Lago o cal explica a actuación proposta para o Plan Complementario consistente na sinalización no núcleo de Vila da Igrexa e outros lugares.



Concello de Cerdido

As Felgasas, s/n, A Barqueira
15569 Cerdido (A Coruña)
981 41 10 00



Consideran www.cerdido.org correo@cerdido.es temente debatido o asunto, someteo a votación acordando o Pleno do Concello en votación ordinaria por unanimidade :

Atendendo o disposto nas Bases publicadas no BOP 30/11/2021 do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2022 da Deputación Provincial da Coruña, e tendo en conta as necesidades de investimento municipais , esta Alcaldía propón a adopción do seguinte acordo :

1.- “Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2022 da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar

a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2022”, “achega provincial 2021” e “préstamo provincial 2022”:

A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2022:

	Deputación
Achega provincial 2022 aplicada ao financiamento de gastos correntes	95,407.42 €
Achega provincial 2021 (Excepción da Base 2.2 final)	0.00 €
Subtotal gasto corrente	95,407.42 €

B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2021	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración (Investimentos financeiramente sostibles)	Deputación	Concello	Orzamento total
Mellora do espazo libre nos Casás	54,159.18 €	0.00 €	54,159.18 €
Camiño de Sete a Casaldaia e outros	46,021.93 €	0.00 €	46,021.93 €
	0.00 €	0.00 €	0.00 €
	0.00 €	0.00 €	0.00 €
Subtotal investimentos achega provincial 2020	100,181.11 €	0.00 €	100,181.11 €

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

C) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2022 aplicado á redución da débeda
	0,00
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras	0,00

D) Resumo:

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEDORES	Achega 2020	0.00 €		0.00 €
	Achega 2021	0.00 €		0.00 €
B- GASTOS CORRENTES	Achega 2022	95,407.42 €		95,407.42 €
	Achega 2021 (Excep. Base 2.2)	0.00 €		0.00 €
C- INVESTIMENTOS	Achega 2022	0.00 €	0.00 €	0.00 €
	Achega 2021	100,181.11 €	0.00 €	100,181.11 €
D- REDUCCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2022	0.00 €		0.00 €



Concello de Cerdido

As Felgosas, s/n, A Barqueira
15569 Cerdido (A Coruña)

981 41 10 00

www.cerdido.org

correo@cerdido.es



TOTAL	Achega 2022	0.00 €	0,00	0.00 €
	Achega 2021	0.00 €	0.00 €	0.00 €
	Préstamo 2022	0.00 €	0.00 €	0.00 €
	TOTAL	195,588.53 €		195,588.53 €

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2022 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
Subministro de sinalización no núcleo de Vila da Igrexa e outros lugares	101,428.25 €
TOTAIS	101,428.25 €

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2022 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2022 Base, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

2. Solicitude para gastos sociais extraordinarios do exercizo 2022 (POS+AD1-GASTOS SOCIAIS)

Comeza o Sr. Alcalde expoñendo as liñas xerais da proposta consistente na petición de trinta e tres mil euros trescentos noventa e dous con sesenta euros para o financiamento de gastos sociais extraordinarios.

Seguidamente toma a palabra o Sr. Alberto J. Rey Paz preguntando se os vinte e seis mil euros están destinados a persoal.

Resposta o Sr. Alcalde que en principio sí, pero podese reprogramar.

A Continuación a Sr^a. María Amalia Díaz Rodríguez en relación a este destino dos vinte e seis mil euros pregunta ¿que persoal vai efectuar o servizo?

Resposta o Sr. Alcalde que sería persoal de fora, ou sexa externalizado.



Concello de Cerdido

As Felgosas, s/n, A Barqueira
15569 Cerdido (A Coruña)
981 41 10 00
www.cerdido.org correo@cerdido.es



Considerando a Alcaldía suficientemente debatido o asunto, someteo a votación acordando o Pleno do Concello en votación ordinaria por unanimidade :

Atendendo o disposto nas Bases publicadas no BOP 30/11/2021 do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2022 da Deputación Provincial da Coruña, e tendo en conta as necesidades para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, esta Alcaldía propón a adopción do seguinte acordo :

1.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ Adicional 1/2022 da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos so

ciais que se detallan no informe emitido pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

Achega provincial preasignada que figura nas Bases do POS+ADICIONAL/2022	33.392,60 €
Achega provincial SOLICITADA para a súa aplicación ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios	33.392,60 €

(Cubrir só os datos dos gastos aos que o concello aplique o financiamento con cargo a este Plan)

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PREVISIÓN DE GASTOS 2022	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado) (A-B)
	(A)	(B)	(A-B)
a) Reforzo - ampliación de persoal técnico e/ou administrativo adscrito aos servizos sociais do concello, co fin de apoiar aos equipos actuais e/ou facilitar a tramitación urxente das prestacións obxecto deste plan e axilizar a atención social profesional necesaria en situacións de risco para persoas vulnerables.			0,00 €

O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS, o gasto vai dirixido a nova contratación.

b) Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia ás persoas soas ou familias en risco de exclusión social: maiores, persoas con diversidade funcional, mulleres en risco de exclusión social ou vítimas de violencia de xénero, cando eles e as persoas ao seu cargo, carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade, educación, gastos médicos ou farmacéuticos, transporte, e aqueles que consideren os servizos sociais municipais.			0,00 €
--	--	--	--------

As axudas en especie para alimentación e educación, consideraranse gasto corrente, sempre que non superen o límite por unidade de



Concello de Cerdido

As Felgosas, s/n, A Barqueira
15569 Cerdido (A Coruña)
981 41 10 00
www.cerdido.org correo@cerdido.es



500,00 €.

c) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc.

O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPSS. Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte da achega municipal ao servizo de axuda a domicilio na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.

26.132,60 €

26.132,60 €

d) Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación a persoas que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polos profesionais dos servizos sociais comunitarios.

0,00 €

e) Reforzo dos dispositivos e axudas económicas para a atención a persoas sen fogar, que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polos profesionais dos servizos sociais.

0,00 €

f) Outras medidas sociais de carácter extraordinario que os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes para atender ás persoas especialmente vulnerables, e sexan debidamente xustificadas.

0,00 €

g) Aluguer de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria: camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polos profesionais dos servizos sociais comunitarios, cando carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades.

0,00 €

SUBTOTAL GASTOS CORRENTES

26.132,60 €

0,00 €

26.132,60 €

h) Adquisición de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria: camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polos profesionais dos servizos sociais comunitarios, cando carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades.

7.260,00 €

7.260,00 €

A adquisición deste equipamento inventariable terá a consideración de gastos de investimento a efectos orzamentarios.

i) Gastos de investimento para o desenvolvemento dos programas de servizos sociais e do traballo dos os equipos técnicos de servizos sociais municipais (equipos informáticos, ofimática etc).

0,00 €

A adquisición deste equipamento inventariable terá a consideración de gastos de investimento a efectos orzamentarios.

SUBTOTAL GASTOS INVESTIMENTO

7.260,00 €

0,00 €

7.260,00 €

TOTAL

33.392,60 €

0,00 €

33.392,60 €



Concello de Cerdido

As Felgasas, s/n, A Barqueira
15569 Cerdido (A Coruña)
981 41 10 00
www.cerdido.org correo@cerdido.es



Sendo as 20,08 horas e non habendo máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretario, dou fe.

O Secretario Manuel Larrosa Rodríguez

O Alcalde Benigno Galego Castro